



A entrevista

Maja Ročak

Investigadora de CESRT-NEIMED,
Universidade Zuyd de Ciencias Aplicadas

Tendo en conta a importancia de xestionar a redución demográfica, que aspectos considera máis importantes para a construción dunha planificación socioterritorial axeitada?

É importante que os deseñadores de políticas sexan conscientes da relevancia da evolución demográfica (envellecemento e diminución da poboación). Dito isto, é importante non loitar contra o cambio demográfico e esperar atraer novos habitantes á zona. Esa visión fallou moitas veces en Holanda. Sería mellor concentrarse no resto da poboación e mirar a maneira de manter a calidade de vida para estes cidadáns.

Ollar para as posibilidades da sociedade civil (noutras palabras cidadanía activa) é importante, pero hai que ser conscientes de que este "capital social" non pode substituír (todos) os servizos públicos.

Formas innovadoras de abordar a calidade de vida nestas áreas deben ser facilitadas polos deseñadores de políticas e non reprimidas (por exemplo, a través de leis moi ríxidas feitas en e para a situación de crecemento).

O descenso da poboación inclúe a historia detrás dos números: os cidadáns deben ser implicados nos debates e plans sobre como xestionar os cambios demográficos, a fin de evitar ofrecer solucións para problemas que non existían realmente alí. A investigación dinos que os servizos non son sinónimo de calidade de vida: a xente pode ter unha elevada calidade de vida, independentemente do nivel dos servizos prestados. Con todo, hai algunhas cousas básicas que se precisan (por exemplo, mobilidade) que poden permitir o acceso a servizos na rexión para a vida diaria. Cada pequena aldea non ten que ter todos os servizos, sempre que sexan accesibles.

Galicia é un bo exemplo de concienciación e enfoque rexional para abordar estas dificultades. Deberían estar contentos co que conseguiron co proxecto Symbios: pode ser usado como un exemplo para outras rexións europeas que afrontan as mesmas dificultades.

Cales son as principais cuestións que deben ser traballadas en futuros desenvolvementos de Symbios, non só como proxecto, senón máis alá?

Cuestións clave para a rede Symbios serían, na miña opinión, manter o debate sobre os cambios demográficos: en Galicia, pero tamén en Europa (en colaboración con

outras rexións). É importante desenvolver e intercambiar coñecementos sobre estas cuestións e Symbios, como proxecto, rede ou algo máis, podería ser unha plataforma ideal para iso.